

ESTUDO E RECOÑECEMENTO DE ROCHAS.

MATERIAL NECESARIO

Empregaremos varios exemplares de rochas.

OBXECTIVOS

O obxecto desta práctica é tratar de recoñecer as rochas máis importantes, analizando as súas características máis destacadas.

FUNDAMENTO

As rochas que forman a Terra pódense clasificar en tres grupos atendendo a súa orixe:

- **Rochas sedimentarias**, formadas a partires de transformacións que sofren os sedimentos procedentes da acción dos axentes xeolóxicos externos depositados nas cuncas sedimentarias.
- **Rochas magmáticas**, formadas a partires de rochas fundidas ou magma que procede do interior da Terra e que solidifica cando ascende e se arrefría. Segundo como se produza este arrefriamento existen dous tipos de rochas magmáticas: se o magma sae ao exterior a través dun volcán e arrefría rapidamente forma rochas **volcánicas**, se arrefría lentamente no interior da Terra forma rochas **plutónicas**.
- **Rochas metamórficas**, orixinadas a partires de calquera outra rocha cando se atopan enterradas a gran profundidade sometidas a gran aumento de presión e temperatura.

Clave dicotómica de identificación:

Aspecto externo	Non Homoxéneo	Con cantos ou grans (cemento entre eles)	Cantos de igual tamaño	Cantos angulosos	BRECHA		
				Cantos redondeados	PUDINGA		
			Grans finos	Con fósiles	CALIZA FOSILÍFERA		
			Sen fósiles	Clara	AREISCA		
				Escura	CARBÓN		
			Esquistosa	NEIS			
	Con cristais (sen cemento)	Non esquistosa	granuda	Reacciona con HCl	MÁRMOL		
			Non granuda	Non reacciona con HCl	GRANITO		
	Homoxéneo	Esquistosa (minerais laminares)	Gris prata	ESQUISTO			
			Escura negra	PIZARRA			
Non esquistosa (non se raia coa navalla)		CUARCITA					


ACTIVIDADES

A) Identifica as rochas seguindo a clave dicotómica anterior

MESA	ROCHA	TIPO	CARACTERÍSTICAS
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			

B) Indica o tipo de rochas que se formarán en cada un dos lugares sinalados na imaxe

A
B
C



C) Relaciona no teu caderno cada unha das seguintes rochas co tipo de localización en que resulta probable encontrala:

- | | |
|---------|----------------|
| Basalto | Batólito |
| Granito | Sill |
| Aplita | Cono volcánico |